

Sr. conselleiro de Política Social  
Edificio Administrativo San Caetano  
15781 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente: G.6.Q/26310/17

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2017

Sr. conselleiro:

Esta institución iniciou unha actuación de oficio despois dos datos transmitidos telefonicamente por [REDACTED].

Cobra unha pensión non contributiva en 14 pagas segundo di a FUNGA enviou un correo electrónico ao banco no ten a conta para que só lle permitan retirar a paga extra a través do portelo, non no caixeiro, porque se excede o límite da pensión que ela pode cobrar. Ademais debería xustificar en que vai empregar esa paga. Para ela entrar na oficina resulta problemático; vai en cadeira de rodas e a oficina non conta coas medidas de accesibilidade necesarias.

Promóvese a investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se basea, dando conta diso a vostede para os efectos previstos no artigo 22.1 da citada lei do Valedor do Pobo.

En consecuencia, requirimos dese órgano que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información sobre o problema que motivou a queixa, en particular sobre a comprobación das circunstancias enunciadas nela; sobre as medidas adoptadas ou previstas; e sobre as demais circunstancias relevantes.

Agradézolle a remisión do preceptivo informe e saúdoo atentamente.

Milagros M<sup>a</sup> Otero Parga  
Valedora do Pobo

[REDACTED]

Expediente: G.6.Q/26310/17

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2017

Estimada Sra.:

Recibido nesta institución a súa queixa, esta deu lugar ao expediente co número arriba indicado.

Coa data de hoxe iniciamos as actuacións oportunas ante a Consellería de Política Social. En concreto requirimos a ese órgano que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información o problema que motiva a súa queixa, en particular sobre a comprobación das circunstancias enunciadas nela; sobre as medidas adoptadas ou previstas; e sobre as demais circunstancias relevantes. Tan pronto como recibamos o preceptivo informe que ese órgano ten que remitirnos poñerémonos de novo en contacto con vostede para darlle conta da nosa actuación ao respecto.

Agradézolle a confianza que nos demostra e reciba un atento saúdo.

Milagros M<sup>a</sup> Otero Parga  
Valedora do Pobo

Sr. conselleiro de Política Social  
Edificio Administrativo San Caetano  
15781 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente: G.6.Q/26310/17

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2018


Sr. conselleiro:

Por mor da queixa iniciada de oficio nesta institución en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, despois dos datos transmitidos telefonicamente por [REDACTED], con data 14-11-2017 interesouse de Vde. informe.

Transcorrido en exceso o prazo de 15 días establecido no artigo 22 da Lei do Valedor do Pobo sen recibir o seu informe, requíreselle polo presente escrito para que de cumprimento ao preceptuado na citada lei autonómica, recordándolle especialmente a obriga de tódolos poderes públicos de Galicia de prestar o auxilio e colaboración que lles sexan demandados por esta Institución nas súas investigacións e actuacións.

Consecuentemente, solicítolle a remisión urxente a esta Institución do referido informe.

Saúdao atentamente.



Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo

[REDACTED]

Expediente: G.6.Q/26310/17

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2018

Estimada Sra.:

En relación co expediente de queixa de referencia aberto nesta institución, dado que a Consellería de Política Social, aínda non remitiu o informe demandado, o día de hoxe requirímolos novamente, recordando expresamente que tal envío resulta unha obriga legal (art. 22 da Lei do Valedor do Pobo).

Poñerémonos de novo en contacto con vostede unha vez que o citado órgano nos remita a referida información, dándolle conta da nosa actuación e, se é posible, da solución do seu problema.

Agradézolle a confianza que nos demostra e saúdoa atentamente.

The image shows a handwritten signature in blue ink that reads "Milagros Otero". To the right of the signature is a rectangular blue official stamp. The stamp contains the text "Valedor do Pobo" and "2018" below it, along with a small logo consisting of three dots.

Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo